

## 1. BREVE INTRODUCCIÓN HISTÓRICA DA “SEMANA DA CIENCIA”

A súa orixe localízase no ano 1991 en Francia, da man do seu Ministro de Investigación Hubert Curien, coma celebración do 10º aniversario do seu ministerio no que se abriron ao público os xardíns do Ministerio, coa intención de acercar a Ciencia ao público en xeral.

Este evento recollido por *Sciences en fête*, posteriormente *Fête de la Science*, adquiriu carácter periódico anual, de forma que se celebra anualmente desde 1993 (SEMANA DA CIENCIA EUROPEA)

En España con carácter Nacional, celébrase desde o ano 2001. O obxectivo fundamental é acercar a Ciencia ao público de tódalas idades, potenciar o gusto pola Ciencia, dar a coñecer algunhas liñas de investigación, e promocionar a participación dos cidadáns mediante distintas actividades (visitas a museos da ciencia, talleres de formación, colaboración en feiras de investigación...)

Fuente de información: <http://www.csic.es/semana-de-la-ciencia>

2. Participación dos nosos alumnos na semana da ciencia organizada por outros centros

**SEMANA DA CIENCIA NA ETS DE ENXEÑERÍA DE MINAS - CAMPUS DE VIGO**

**ALUMNOS DE 1º DE BACHARELATO B-C.**



A visita á Semana da Ciencia da ETS de Enxeñería de Minas, xa é un clásico no noso Centro para o alumnado do 1º de Bacharelato Científico, co seu interese baseado en seguir estudos relacionados coas inxeñerías.

A Semana da ciencia celebrouse do 16 ao 20 de novembro. 50 alumnos que cursan a Física e Química de 1º Bacharelato (grupos B e C) acompañados polos profesores Ramón Campo Gándara e José Ramos Pato, asistiron a varias charlas divulgativas (de termografía, explosivos, aplicación del láser, drones) y a un taller sobre materiales poliméricos na mañá do martes 17 de novembro

Mais información: <http://etseminas.webs.uvigo.es/cms/index.php?id=114>



## Participación dos nosos alumnos na semana da ciencia organizada por outros centros

### **GALICIENCIA-TECNÓPOLE. EN OURENSE**

#### **ALUMOS DE 4º DA ESO**

A saída de estudos realizouse co alumnado de 4º da ESO e as plazas sobrantes cubríronse con 3 alumnos de 1º de Bacharelato que están a cursar a materia de Afondamento na Física e Química de 1º bacharelato. O autobús saiu do IES CASTELAO ás 12,30 da mañana e voltouse ás 7,30 da tarde aproximadamente, polo que os alumnos comeron de picnic ao chegar as dependencias de Tecnépole.

Os profesores que compartiron o día cos alumnos foron Juan Carlos López Rodríguez e Isabel Acuña Mata.



Galiciencia é a maior feira científica de Galicia.

Está patrocinada pola Consellería de Economía e Industria e a Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (Fecyt) e celebrouse no Parque Tecnológico de Galicia-Tecnópole os días 18,19 e 20 de novembro.

A estrela da feira é a exposición de proxectos de investigación e innovación presentada por equipos de estudantes de todas as idades, acompañados polos seus profesores. Arredor dela, organizamos tamén actividades paralelas, como talleres e espectáculos, relacionadas co Ano Internacional da Luz e das Tecnoloxías baseadas na Luz.


A visita de 3 h de duración aproximadamente desenvólvese en 3 escenarios diferentes:

- 1- Unha conferencia- espectáculo, moi didáctica e chamativa: Xogando coa luz
- 2- Unha conferencia-taller: “LASER: a navalla suíza da Luz”
- 3- Visita á exposición, donde grupos de alumnos de primaria (22) e de secundaria (52), presentaban distintos proxectos científicos desenvolvidos por eles o curso anterior. Os alumnos expositores, colocados en stands, amosaban os seus proxectos e respostaban as dúbidas ou inquiredas que os visitantes tiveran sobre os mesmos.



### 3. Actividades no IES CASTELAO

#### dirixidas ao noso centro adscrito O POMBAL



A actividade xurdiu a petición do CEIP O Pombal coma parte da súa programación da Semana da Ciencia dirixida aos seus alumnos de 6º de primaria, que o curso vindeiro continuarán os seus estudos no noso centro. O Departamento Didáctico de Física e Química acolleu a iniciativa con entusiasmo e dispúxose á súa organización.

Realizouse o luns 16 e o martes 17, buscando:

- Non interferir nas clases habituais do centro IES Castelao.
- Que o número de alumnos observando ou participando nas prácticas fora reducido. Para conseguilo decidiuse traballar nos dous laboratorios simultaneamente (dividindo cada grupo en dous).



Serían polo tanto dous profesores os que impartirían as charlas:

Laboratorio de Química- prácticas de Química: Profesora Isabel Acuña Mata

Laboratorio de Física- prácticas de Física: Profesor Juan Carlos López Rodríguez

- Que o horario fora válido para o alumnado do CEIP O Pombal.

En contacto co profesorado do Pombal acordouse que a duración da visita sería de aproximadamente 1 hora, de 12.15 a 13.10, e polo tanto, en cada laboratorio estarían uns 25 minutos, tras os que mudarían de laboratorio.



A experiencia foi moi grata e satisfactoria tanto para os profesores do noso Departamento que o impartiron coma para o alumnado e profesorado do CEIP O Pombal. (Incluimos unha redacción relativa á visita do seu alumnado).

## I.E.S. Castelao

El Lunes de noviembre de 2015 nosotros, la clase de 6<sup>a</sup>-A, fuimos a una salida al Instituto Castelao a que nos dieron una charla sobre la física y la química. Al llegar nos dividieron en grupos de dos, unos a la clase de física y otros a la de química, y luego cambiamos.

En la clase de física Carlos nos enseñó varios experimentos; nos enseñó una lupa y una vela encendida, luego cogió una especie de pizarrite blanca y se veía la flama de la vela reflejada al revés. Nos enseñó varios más y todos me encantaron.

Luego fuimos a la clase de química donde Isabel nos enseñó muchos experimentos divertidos pero a la vez peligrosos como: la mezcla de azúcar y ácido sulfúrico que forman una especie de carbón que era muy fácil de romper, o transformar el fuego de distintos colores etc.

La visita al Instituto Castelao me gustó mucho, dadas las circunstancias de que para el año siguiente ya me voy a secundaria. La charla tanto de física como de química estuvieron muy bien, pero a mi me gustó un poco más la de química porque a mi me encantan ese tipo de experimentos.

Mariona Lorenzo Diz 6<sup>a</sup>-A